

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Marino Dónega, a Luís Seoane do 06/04/1974

Colección:

Data: 06/04/1974

De:

Marino Dónega;

Para:

Luís Seoane;

Orixe:

A Coruña (municipal), A Coruña (comarcal), A Coruña (provincial)

Destino:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada, con firma autógrafa]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Artes; Artes visuais; Espazos artísticos; Figuracións; Padroado do Museo Carlos Maside;

Mencionados:

Eduardo Blanco Amor; Leandro Carré Alvarellos; Manuel Chamoso Lamas; Isaac Díaz Pardo; Rafael Dieste; Francisco Fernández del Riego; Domingo García-Sabell; Álvaro Gil Varela; Josefa Iglesias Vilarelle; Xohán Ledo; Xenaro Mariñas; Sebastián Martínez-Risco y Macías; Ramón Otero Pedrayo; Valentín Paz-Andrade; Ramón Piñeiro; Fernanda Sández Figueiras; Francisco Vales Villamarín;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Marino Dónega, a Luís Seoane do 06/04/1974

A Cruña, 6-IV-1974
Luis Seoane López
Buenos Aires

Querido Luis:

Dende Cervo, recibo carta do Isaac. Non che adxunto copia dela porque xa me dí que vola mandóu. O que si vos envío, porque non sei si volo fixo saber, é o proxecto de acordo de Cerámicas que ten matinado, previo ao que haberá de adoptar o Laboratorio. Encamiñados ambos os dous á constitución da Fundación do Museo. Fico, logo, en agarda das vosas instrucións.

Si en liñas xeneráis concordáredes, trataría, pola miña banda, de introducir algunhas matizacións no proxecto. Como, poño por caso, a de vencellar o devandito acordo á escritura pública de 8 de febreiro de 1970, otorgada polo Laboratorio e polas Cerámicas e que tivo por obxeto –como sabedes– “crear y organizar” o Museo. Quérese decir, que ambas as dúas sociedades, vista a esperencia adequirida nos anos que leva funcionando o Museo, concordan en darlle ao mesmo persoalidade xurídica de seu, constituíndo pra elo o Padroado que o ha de gobernar. Mais pra que así fose, entendo que é preciso que o Isaac –e así faréillo saber– deixara sin efecto o acordo de Cerámicas do ano de 1973, que denunciou o convenio do 1970. E non haberá ningún atranco legal pra elo xa que o acordo do 73 non o tén levado á práctica.

Polo demais, reparade especialmente nos puntos 5º e 6º do esquema feito polo Isaac, dada a transcendencia que poideran ter no futuro do Museo. Refírome aos da carta que me dirixíu.

O procedemento na xurisdicción militar vai rematar con ben pra todos. Entrevístouse connigo o Letrado da compañía aseguradora La Unión y el Fénix, pra me decir que está disposta a arranxar o choio pagando as indemnizacións debidas. Dínlle traslado da proposta ao Naveiro pra que se faga cas facturas do caso pra facerllas chegar á devandita aseguradora. E, unha vez percibidas as indemnizacións, retiráramonos da acusación. Pra elo, presentaríamos un escrito ao Xuzgado facéndollo saber. Co que, seguramente, ficaría sin efecto o auto de inculpación dictado nas actuacións, i estas dispostas pra o seu arquivo.

Por eiquí, ningunha novidade que non vos podades supoñer. Na Academia deixei presentada a proposta de Mariñas del Valle como académico numerario pra ocupar a cadeira que deixou valdeira Iglesias Vilarelle. Firmáronme a proposta Rafael, Vales e Carré. Quixen que foran académicos da Coruña os propoñentes. Na proposta feita cito unhas frases túas adicadas ao Mariñas na Figuración que lle fixeches. Supoño que a proposta prosperará. Mariñas fixo aportacións interesantes á cultura galega. E pola sua entrega calada e sacrificada aos valores disa cultura, é quén, parécemo a min, de figurar na Academia. E a propia Academia honraríase ao contalo antre os seus internos colaboradores.

Na agarda das vosas noticias, recibide Maruxa e mais tí cinguidas apertas de Fernanda e miñas.

Dónega

PROYECTO DE ACUERDO A TOMAR POR CERÁMICAS DEL CASTRO EN UNA REUNIÓN A CONVOCAR CON EL SIGUIENTE ORDEN DEL DÍA:

Punto único:

Perfeccionamiento de un acuerdo tomado por la Junta de Socios de Cerámicas del Castro, Ltda. el 8 de febrero de 1973 en relación con la formación de un Patronato para el Museo Carlos Maside.

Acuerdo

Dadas las dificultades sociales conocidas de todos para dar cumplimiento al convenio suscrito por nuestra Sociedad con el Laboratorio de Formas de Galicia en 9 de febrero de 1970 sobre la creación y organización del Museo Carlos Maside, en relación con el acuerdo tomado en la Junta de socios del 8 de febrero de 1973, y al objeto de colaborar de la mejor forma en la evolución de que es acreedora esta institución de Arte sin perjudicar los intereses de esta Sociedad se acuerda:

1- Se nombra al socio don Isaac Díaz Pardo que de acuerdo con un representante del Laboratorio de Formas de Galicia procedan a otorgar una escritura de constitución de un cuerpo denominado Patronato del Museo Carlos Maside, obteniendo para él la personalidad jurídica que determinan las Leyes vigentes.

2- El Patronato del Museo Carlos Maside estará formado en su fundación por los siguientes representantes de entidades y personas físicas: representante de Cerámicas del Castro, Ltda; representante del Laboratorio de Formas de Galicia; representante del Instituto Gallego de Arte; y los señores Don Luis Seoane, Don Álvaro Gil, Don Manuel Chamoso Lamas (1); Dr. García Sabell; Don Rafael Dieste; Don Ramón Piñeiro; Don Francisco Fernández del Riego; Don Sebastián Martínez Risco, Don Valentín Paz-Andrade, Don Ramón Otero Pedrayo, Don Eduardo Blanco Amor; Dr. Ricardo García Suárez y Don Marino Dónega.

3- Dicho Patronato dirigirá y administrará a partir de su constitución el Museo Carlos Maside, cuyos fondos serán puestos a su disposición por los actuales titulares de la institución.

4- Entre las primeras misiones que cumplirá dicho Patronato estará la de procurarle al Museo Carlos Maside un edificio adecuado a construir en este mismo lugar del Castro-Sada, en frente del edificio que ocupa actualmente en terrenos que donará para este fin el Instituto Gallego de Arte según se han prometido sus miembros.

5- Cumpliendo las condiciones de seguir el Museo Carlos Maside en el lugar citado, al lado de nuestra planta de producción, nuestra Sociedad seguirá colaborando en su sostenimiento de acuerdo con sus posibilidades en cada momento.

A carta inclúe anexo de proxecto que na cabeceira ten logotipo e membrete como sigue:

SEMINARIO DE ESTUDIOS CERÁMICOS
SARGADELOS-CERVO-LUGO

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.